



Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo do Día Internacional da Seguridade e Saúde no Traballo

4

35 millóns de euros para apoiar o emprendemento, fomentar a contratación por parte dos autónomos, e incentivar a inserción laboral dos discapacitados

- ▶ A Xunta pretende, con estas novas liñas de axuda, crear ou manter 5.400 postos de traballo
- ▶ Os programas autorizados polo Consello da Xunta inclúen axudas aos autónomos que contraten un traballador e incentivos ao primeiro emprego das persoas con algún tipo de discapacidade
- ▶ “Estamos traballando no primeiro problema que ten Galicia: o desemprego”, resaltou Núñez Feijóo, quen salientou que se trata de 140 millóns “non para prestacións para desemprego, senón para crear e manter postos de traballo”.
- ▶ O DOG publica a orde de 18 millóns de euros para fomentar o autoemprego de máis de 3.000 galegos e galegas

2



Feijóo sinala que o Plan de Actuación Social 2010-2013 suporá un investimento de 2.000 millóns de euros e a creación de 10.000 postos de traballo anuais

- ▶ Explica que esta planificación suporá un incremento do 50% nas prazas públicas de centros de día, residencias e escolas infantís
- ▶ Salienta que o seu Goberno aumentou nun só ano o 71% o número de persoas que perciben a axuda á dependencia.

6

INFORME DO PARO REXISTRADO

Galicia rexistrou en abril unha baixada do paro rexistrado de 2.533 persoas, o que supón o 10 % do descenso total do Estado

- ▶ A directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, explicou en rolda de prensa que se trata da primeira baixada en oito meses
- ▶ A representante do departamento autonómico resaltou que o descenso en termos relativos foi do 1,07 %, fronte ao 0,58 por cento do Estado.

3



Benestar incrementa este ano as axudas ás entidades de discapacidade que percibirán en conxunto 2,5 millóns de euros

Sumario

Emprego-Formación	2-3
Seguridade e saúde laboral	4-5
Benestar	6-7
Dependencia	8-9
Xuventude	10
Publicacións	11
Normaliva	12-22

Créditos

Edita:	Consellería de Traballo e Benestar
Elaboración:	Sección de Publicacións
Coordinación:	Pepa Dabán Royo
Enmaquetación:	Antonio Lameiro Ces

35 millóns de euros para apoiar o emprendemento, fomentar a contratación por parte dos autónomos, e incentivar a inserción laboral dos discapacitados

Santiago, 22 de abril de 2010.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, subliñou que o Goberno galego investiu no que vai de ano, arredor de 140 millóns de euros co obxectivo de manter ou crear 20.000 empregos. Así o manifestou o titular do Executivo autonómico na rolda de prensa posterior ao Consello da Xunta, que deu o visto e prace a un novo programa, dotado con 35 millóns de euros, destinado a incentivar 5.400 postos de traballo entre os emprendedores, os discapacitados e os autónomos.

Feijóo resaltou que a Xunta procurará "impulsar o espírito emprendedor" entre os investigadores e os titulados universitarios co obxectivo de que "unha boa idea non quede sen poder ser levada á práctica por un problema de financiamento".

En segundo lugar, o presidente galego remarcou que outra das liñas do proxecto, dotada con máis de 4 millóns de euros, consiste en "apoiar ás persoas con discapacidade para atopar o seu primeiro emprego ou manter o emprego que xa tiñan e do que está a piques

de finalizar o contrato". Feijóo definiu esta iniciativa como "a primeira aposta" dentro do Plan Integral para as Persoas con Discapacidade 2010-2013 que está a desenvolver o Executivo galego. O seu obxectivo é "fomentar a integración laboral das persoas con discapacidade nas empresas galegas".

O titular da Xunta remarcou outra achega de 11 millóns de euros para a creación e mantemento de 1.600 postos de traballo de persoas con algunha discapacidade que forman parte das 105 empresas especiais de Galicia, con presenza masiva de empregados con discapacidade.

Por último, Feijóo sinalou "como unha das novidades máis importantes destas liñas de axudas", a autorización dun investimento de 18 millóns de euros para que os autónomos galegos poidan contratar un traballador de xeito indefinido. "Que un autónomo contrate a un traballador é o obxectivo deste programa con subvencións desde 5.000 euros ata 10.000 euros, en función da especificida-

de do programa", explicou o titular da Xunta, quen avanzou que o Goberno galego tamén intensificará as axudas para a contratación de desempregados que pertencen aos colectivos máis desfavorecidos e para os que residan no rural.

"En definitiva, estamos intentando traballar no primeiro problema que ten Galicia que é o desemprego", resumiu Núñez Feijóo, quen explicou que aos 35 millóns de euros autorizados hai que sumar os 66,5 aprobados hai unhas semanas para incentivar o emprego de 9.500 persoas e outra achega de 42 millóns da que se beneficiarán 4.000 desempregados. "Nestes catro meses escasos do ano 2010 destinamos 140 millóns de euros para incentivar as contratacións de persoal desempregado e así conseguir o obxectivo de 20.000 empregos", afirmou o presidente galego, "140 millóns de euros non para prestacións por desemprego, senón para crear e manter empregos".

O DOG publica a orde de 18 millóns de euros para fomentar o autoemprego de máis de 3.000 galegos e galegas

- ▶ Esta iniciativa do Goberno galego subvencionará aos desempregados que se constituíron como traballadores autónomos a partir do 16 de setembro de 2009
- ▶ O prazo para solicitar estas axudas rematará o 30 de xuño
- ▶ Por primeira vez, incentívase a primeira contratación indefinida que realicen os autónomos no seu primeiro ano de actividade.

Santiago, 21 de marzo.- O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 79, do 28.04.2010) publicou a orde a través da que a Consellería de Traballo e Benestar investirá 18 millóns de euros en axudas para fomentar o autoemprego, o que beneficiará a máis de 3.000 desempregados galegos e galegas. O prazo para solicitar as axudas rematará o 30 de xuño e poderán acceder a estas os desempregados que se constituíron como traballadores autónomos a partir do 16 de setembro de 2009.

A iniciativa ten por finalidade fomentar o emprego autónomo entre os galegos e galegas, en tanto se considera unha vía eficaz para facilitar a incorporación ou reincorporación das persoas desempregadas ao mercado de traballo, ao tempo que se fomenta a creación de microempresas, que son as xeradoras de emprego, riqueza e benestar en Galicia.

Esta orde, cofinanciada polo Fondo Social Europeo, contén diversos tipos de axudas, entre as que se inclúen, por primeira vez, incentivos

para a primeira contratación indefinida que realicen os autónomos no seu primeiro ano de actividade.

Ademais, este programa concede axudas a fondo perdido aos desempregados polo feito de constituírense en traballadores autónomos. Esta axuda pode acadar os 10.000 euros. Tamén se prevé unha axuda financeira para a redución dos xuros do préstamo, que sexa necesario solicitar para afrontar os investimentos en inmovilizado material.

Ademais a iniciativa da Xunta conta cunha liña de financiamento parcial dos custos da formación do autónomo en xestión empresarial e nas novas tecnoloxías da información e comunicación, así como dos estudos que sexan necesarios para consolidar a viabilidade destes proxectos empresariais.

Este programa mellórase respecto ao estatal con dous axudas máis, a subvención para finan-

ciar parcialmente os gastos da posta en marcha da nova actividade e os incentivos á primeira contratación indefinida que se formalice no primeiro ano de actividade.

Hai que salientar que este programa presta especiais apoios a aquelas persoas que pertencen aos colectivos con maiores dificultades de inserción laboral: persoas con discapacidade, persoas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social, persoas que esgotaran a prestación por desemprego, parados de longa duración, emigrantes retornados, mulleres e mozos. Algún destes traballadores poden alcanzar unha axuda máxima de 33.600 euros. Ademais, por primeira vez se ten en conta, para o cálculo da contía das axudas, o feito de establecerse como autónomo no rural galego coa finalidade de apoiar a cohesión no territorio e o desenvolvemento económico no rural da Comunidade autónoma.

Este programa inscíbese no resto de iniciativas que a Consellería de Traballo e Benestar está a poñer en marcha para favorecer a situación dos autónomos galegos e dos emprendedores. Así, a través de distintos programas, o departamento autonómico destinará a este colectivo máis de 28 millóns de euros.

INFORME DO PARO REXISTRADO

Santiago, 4 de maio de 2010.- Galicia pechou o mes de abril con 2.533 parados menos que en marzo, o que supón un descenso do 1,07%. Trátase da primeira baixada en oito meses e da diminución máis acusada do desemprego que se ten rexistrado nun mes de abril desde que comezou a crise en 2008.

Así o explicou a directora xeral de Formación e Colocación, Ana María Díaz López, quen valorou en rolda de prensa os datos do paro rexistrado correspondentes ao mes de abril, e que sitúan a cifra de parados en 233.916. Díaz López apuntou que esta baixada supón o 10 por cento do descenso total que se rexistrou na media do Estado, onde se contabilizaron 24.188 parados menos. Na súa intervención, insistiu en tomar este dato "con suma prudencia" debido ao contexto económico.

A representante do departamento autonómico destacou que esta cifra vén a confirmar a "contención

da destrución de emprego" que se viña rexistrando durante os primeiros meses do ano, en comparación co mesmo período do ano anterior. Así, no primeiro trimestre deste ano o incremento do desemprego reduciuse nun 63 por cento en comparación co mesmo período de 2009.

A isto hai que sumarlle que este descenso constitúe a diminución máis importante, en termos intermensuais, rexistrada en Galicia desde que comezou a crise en 2008. Fronte á baixada de 2.533 deste ano, sitúase a rexistrada entre marzo e abril de 2008, que contabilizou 431 parados menos; e a que se detectou entre marzo e abril de 2009, que foi de 822 desempregados menos.

Tendo en conta aos sectores, o desemprego baixou en todos eles, agás no colectivo sen emprego anterior, onde aumentou en 255 persoas. Os maiores descensos producíronse no sector


servizos, con 1.540 desempregados menos, seguido da construción (-1.040). Tamén diminuíu o paro na industria (-154) e na agricultura e a pesca (-84).

Con respecto aos datos desagregados, a directora xeral apuntou en canto ao sexo e a idade das persoas desempregadas, o maior descenso foi o dos homes maiores de 25 anos, cunha baixada de 1.557.


Por provincias, a directora xeral de Formación e Colocación apuntou que o número de desempregados baixou nos catro territorios, producíndose o maior descenso na Coruña con 1.298 parados menos.

En Galicia rexistráronse un total de 50.864 contratos. Deste total, 4.974 foron indefinidos (9,81%) e 45.710 temporais (90,19%). Estas cifras sitúan á comunidade autónoma lixeiramente por riba, de novo, da media de contratación indefinida do Estado, que foi do 9,55%.

Evolución do paro:

Parados mes
Variación relativa
mes anterior

Illes Balears	84.264	-4,38
Navarra	42.372	-3,16
Extremadura	115.124	-2,89
País Vasco	134.300	-2,77
Cataluña	593.656	-1,72
Galicia	233.916	-1,07
Asturias	82.722	-1,06
Castela-A Mancha	202.869	-0,74
Murcia	129.828	-0,71
A Ríoxa	23.221	-0,62
Andalucía	879.307	-0,46
Castela e León	197.751	-0,44
Cantabria	44.032	-0,27
Madrid	481.244	0,25
Aragón	96.082	0,26
Valencia	516.821	0,63
Canarias	266.042	1,72
Melilla	9.418	2,04
Ceuta	9.456	4
TOTAL	4.142.425	-0,58

VARIACIÓN ANUAL DO PARO REXISTRADO GALICIA
(Mes en curso - igual mes do ano anterior)

Estadísticas mensuais



EPA

Galicia pecha o primeiro trimestre cunha taxa de paro do 15,46 por cento, co que mantén o seu diferencial positivo coa media do Estado

Santiago, 30 de abril de 2010.- A Enquisa de Poboación Activa (EPA), reflicte para Galicia unha taxa de paro do 15,46 por cento, fronte ao 20,05 de media do Estado, polo que a Comunidade autónoma continúa mantendo o seu diferencial positivo.

A EPA, correspondente ao primeiro trimestre de 2010, reflicte un dato puntual e determinado que, ademais, se corresponde coas previsións que manexa o Goberno galego para este ano e que, precisamente, sitúan a previsión de taxa de paro neste ano no 15%.

Con todo, é preciso destacar que, fronte a este dato, existen dous factores que permiten detectar un

cambio positivo e unha desaceleración na destrución de emprego: os datos de afiliación á Seguridade Social e os datos do paro rexistrado.

En canto á Seguridade Social, nos últimos tres meses a afiliación caeu a un ritmo dun punto menor se o comparamos coa diferenza entre o último trimestre de 2009 e o último de 2008. Así, entre estas datas, a afiliación caeu un 3,5 por cento, fronte ao 2,6 por cento que se rexistrou entre o primeiro trimestre de 2010 e o primeiro de 2009.

Se temos en conta o paro rexistrado, nos tres primeiros meses do ano a destrución de emprego reduciuse á metade en todos os casos. De feito, o

incremento interanual do paro rexistrado pasou do 15 por cento en xaneiro, ao 11,8 por cento en marzo deste ano.

Nestes momentos as dúas fontes de referencia do mercado laboral en canto á ocupación, afiliación e a EPA, presentan diverxencias no seu comportamento. Todo apunta a que a evolución da afiliación á Seguridade Social é máis coherente coa manifestación dos indicadores de actividade económica que o reflectido pola EPA.

Datos estatísticos

Declaración institucional da Xunta de Galicia con motivo do Día Internacional da Seguridade e Saúde no Traballo

A celebración, o 28 de abril, do Día Internacional da Seguridade e Saúde no Traballo dá a oportunidade ao Goberno galego de reiterar o seu decidido compromiso a prol dunha efectiva e real integración da prevención fronte aos riscos laborais. Para logralo é precisa a implicación de todos os actores nas relacións laborais. É necesaria a suma de todos os esforzos encamiñados á procura da redución dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais.

Proba dese traballo conxunto e na mesma dirección, é a actual elaboración, no marco do Diálogo Social, do segundo Plan Estratégico de Prevención de Riscos Laborais en Galicia, donde se establecerán os obxectivos e as liñas de actuación que marcarán nos vindeiros anos a loita conxunta contra a sinistralidade laboral na nosa comunidade autónoma.

A presenza cualificada das organizacións sindicais e empresarial mais representativas no máximo órgano de goberno do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), que aprobou o Plan de Actividades para 2010 que se está a desenvolver, pon tamén de manifesto que, neste eido da seguridade e saúde laboral, a sensibilidade e a responsabilidade é cousa de todos.

Unha sociedade moderna e con fortes valores debe asumir como propia a efectiva integración da prevención dos riscos no traballo, considerar como valor irrenunciable a seguridade laboral dende o deseño do proxecto empresarial e converterse en garante dun dereito constitucional que a todos nos afecta e que precisa de todos para a súa real implantación no quefacer diario nos centros

de traballo.

Mesmo unha época de crise, como a que estamos a vivir, debe verse como unha oportunidade de consolidar este dereito e non converterse nun momento no que se poida retroceder no camiño avanzado ata a actualidade.

Na Xunta de Galicia existe o convencemento da necesidade de seguir potenciando políticas específicas en sectores considerados de alto risco e naquelas actividades propias de Galicia, como a pesca e o agro, que precisan de tratamentos singularizados. Igualmente apostamos por un decidido apoio ás pemes, micropemes e incrementar a promoción da prevención entre os autónomos.

A necesaria coordinación de políticas preventivas entre os diversos departamentos da Xunta de Galicia con competencias no eido da prevención é un obxectivo prioritario da Administración autonómica, así como o reforzamento de accións de información, formación, asesoramento técnico e de seguimento e control do cumprimento da normativa en materia preventiva nas empresas e centros de traballo.

Nesta data, o Goberno de Galicia quere explicitar o seu agradecemento aos axentes sociais e a todos os implicados no mundo do traballo que a cotío se esforzan en transformar actitudes negativas e mudar comportamentos inseguros, mediante a prevención, conseguindo evitar que as situacións de risco se convertan en sinistros e, en consecuencia, asentando a cultura preventiva como pilar básico cara a un traballo máis seguro, máis digno e de máis calidade para todos os galegos e as galegas.

SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

Rande acollerá a aula de prevención de risco eléctrico que formará en seguridade laboral a miles de traballadores galegos

Vigo, 27 de abril de 2010.- O Centro de Seguridade e Saúde Laboral de Rande, en Vigo, contará cunha aula de prevención de risco eléctrico, que permitirá formar en seguridade e saúde laboral a miles de traballadores galegos. En concreto, este proxecto beneficiará especialmente aos empresarios e traballadores da industria e da construción en xeral, e do naval en particular.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, inaugurou hoxe este espazo neste centro dependente do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA). Ademais, no día de hoxe, fíxose tamén efectiva a firma do convenio de colaboración entre o ISSGA e Gas Natural Fenosa, que estivo representada polo seu director de medios, seguridade, calidade e medio ambiente, José Luis Galán. Este acordo ten como obxectivo encher este espazo de contido en accións formativas e preventivas.

"Os traballadores galegos que desenvolven o seu traballo nun contorno de potencial risco eléctrico estarán a partir de agora máis protexidos e mellor formados", asegurou a titular do departamento autonómico, quen fixo fincapé en que esta aula será o "centro neurálxico" da prevención de riscos laborais no eido eléctrico para toda Galicia.

Entre os beneficiarios que se formarán neste espazo de prevención, Mato citou ás empresas colaboradoras no mantemento de instalacións de Gas Natural Fenosa en Galicia; aos preto de 900 autónomos e empresas integradas na Federación Galega de Asociacións de Instaladores Eléctricos; aos traballadores e técnicos de instalacións eléctricas dos asteleiros de Aclunaga (no que están representadas 180 empresas); e aos traballadores da industria auxiliar do sector naval.

Os estudantes dos ciclos de electricidade



tamén terán a oportunidade de cursar módulos formativos específicos.

Sobre a dotación de medios da aula, a conselleira agradeceu a colaboración de Gas Natural Fenosa, tanto a través do convenio, como mediante a cesión dunha "importante dotación de medios técnicos" para equipar este espazo formativo.

A sinistralidade laboral reduciuse en marzo na Comunidade galega un 20,25%

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2010.- A accidentalidade laboral baixou en Galicia un 20,25% o pasado mes de marzo, período no que se produciron 3.620 accidentes con baixa en xornada laboral, fronte aos 4.539 do mesmo mes do ano anterior. Do total dos rexistrados, 3.541 foron leves, 72 accidentes foron de carácter grave, e 7 mortais.

Analizando os datos por sectores, a maior diminución foi na industria cun 31,18%, seguida da construción, 21,12%, e dos servizos cunha baixada do 14,03%, mentres que na pesca produciuse un incremento do 10,37% e na agricultura dun 3,08%. Por provincias, as catro presentan en marzo taxas de sinistralidade decrecentes, encabezadas por Pontevedra, 37,44%, e Ourense, 13,35%.

Para ter unha visión precisa da evolución da sinistralidade laboral, é necesario analizar

o índice de incidencia, é dicir, a comparación entre os datos dos accidentes en relación co número de traballadores coas continxencias de accidente cubertas. O índice de incidencia é especialmente favorable na industria, cunha diminución porcentual do 26,56 %, ao pasar de 1.050,09 a 771,20 accidentes por cada 100.000 traballadores e no sector servizos, que tivo unha diminución do 13,66%, pasando dos 335,04 aos 289,28 accidentes por cada 100.000 traballadores. O maior incremento do índice de incidencia por sectores no mes de marzo foi na pesca, pasando de 596,76 a 681,08 accidentes por cada 100.000 traballadores, o que supón un incremento do 14,13%.

A diminución no primeiro trimestre é do 2,30%

Para dimensionar máis axeitadamente a interpretación destes datos é necesario contextualizalos na sinistralidade acumulada ao

longo do ano. Deste xeito, analizando os datos correspondentes ao primeiro trimestre de 2010, obsérvase que a sinistralidade laboral en Galicia baixou un 2,30%, cun total de 9.663 accidentes, fronte aos 9.890 do mesmo período de 2009. Deles, 9.475 tiveron consideración de leves, 169 graves e 19 foron mortais.



Estatísticas mensuais

Feijóo sinala que o Plan de Actuación Social 2010-2013 suporá un investimento de 2.000 millóns de euros e a creación de 10.000 postos de traballo anuais



- ▶ Esta planificación suporá un incremento do 50% nas prazas públicas de centros de día, residencias e escolas infantís
- ▶ Salia que o seu Goberno aumentou nun só ano o 71% o número de persoas que perciben a axuda á dependencia
- ▶ Salia que as tres universidades, a TVG, a FEGAMP, o Valedor do Pobo, expertos, e entidades sociais están a colaborar coa Xunta no deseño das actuacións concretas do Plan de Acción Integral para as Persoas con Ciscapacidade de Galicia 2010-2013
- ▶ Feijóo recalca que este proxecto abordará a garantía básica dos dereitos das persoas con discapacidade, a accesibilidade, a promoción da autonomía persoal, a educación, o emprego, a atención sociosanitaria, a igualdade de xénero, e o ocio.

Sada (A Coruña), 26 de abril de 2010.- O presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, salientou que o Plan de Actuación Social 2010-2013 suporá un investimento de 2.000 millóns de euros e a creación de 10.000 postos de traballo anuais. O titular do Goberno galego explicou que esta planificación conlevará un incremento do 50% no número de prazas públicas de centros de día, residencias e escolas infantís. Así o destacou Feijóo en Sada, onde presidiu a inauguración da residencia de ASPACE II para persoas con parálise cerebral.

O xefe do Executivo autonómico remarcou os compromisos do seu Goberno co benestar social e destacou que a pesar dos recortes impostos polo Goberno central e a actual crise económica "nin un só euro dos dedicados á asistencia social van resultar afectados". Feijóo incidiu en que en tan só un ano de lexislatura a Xunta incrementou nun 71% o número de persoas que perciben unha

axuda á dependencia.

O presidente da Xunta relatou que o Plan de Actuación Social incluírá medidas concretas para cada colectivo. Explicou que esta planificación se enmarca na necesidade de dar "máis pasos adiante" para lograr "o benestar real". "Non basta con garantir a cobertura das necesidades básicas das persoas", remarcou o xefe do Goberno galego, quen avogou por garantir o máximo desenvolvemento de todos os galegos. "O benestar social pasa pola igualdade de oportunidades, porque todas as persoas poidan desenvolver proxectos de vida plenos", afirmou.

Neste sentido, Feijóo asegurou que a Xunta quere trasladar o exemplo de ASPACE a toda a sociedade galega: "unha sociedade na que non queremos que haxa distincións nin discriminacións; e unha sociedade na que a loita contra as desigualdades sexa unha guía de actuación per-

manente". O titular do Goberno galego aproveitou a súa intervención para render unha homenaxe tanto a ASPACE como ao resto das entidades sociais. Así gabou a actitude deste colectivo coruñés, que "non esperou polas institucións para poñer en marcha o seu proxecto solidario hai 33 anos", e destacou que sen as entidades sociais "a sociedade civil non existiría". "E nós, as Administracións somos só un instrumento desa sociedade civil", apostilou.

Atención aos discapacitados

O presidente galego explicou as iniciativas da Xunta para a atención concreta ás persoas con discapacidade, entre as que destacou o Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013.

Feijóo explicou que nos grupos de traballo que se ocupan de definir estas accións traballan coa Xunta as tres universidades, a televisión pública de Galicia, o Valedor do Pobo, os concellos galegos, a través da FEGAMP, técnicos e expertos competentes, e as entidades asociativas da discapacidade, a través do CERM.

Feijóo incidiu en que este plan afecta a diversas áreas cunha perspectiva integral, como a garantía básica dos dereitos das persoas con discapacidade, a accesibilidade, a promoción da autonomía persoal, a educación, o emprego, a atención sociosanitaria, a igualdade de xénero, e o ocio.

Mato asina o convenio de colaboración con Cruz Vermella para o acollemento de menores en familias alleas



Santiago, 22 de abril de 2010.- A conselleira de Tráballo e Benestar, Beatriz Mato, asinou o convenio de colaboración con Cruz Vermella, que ten por obxecto o desenvolvemento do programa de acollemento familiar de menores en familias alleas. Este acordo está dotado cun total de 358.000 euros, dos que a Xunta achega 247.000.

A sinatura vén dar continuidade a este programa, que a ONG leva xestionando, en colaboración coa Administración autonómica, durante os últimos 15 anos. Así, Cruz Vermella ocúpase de seleccionar, asesorar e formar ás familias que queiran participar no programa; de buscar a familia idónea para un menor en concreto; e tamén de asesorar a este novo núcleo familiar unha vez constituído.

Deste xeito, permítese aos menores que estean baixo a garda ou tutela da Administración vivir temporalmente cunha familia. Existe tamén o acollemento en familia extensa (familiares distintos dos pais), unha opción que é

preferente para manter ao menor no núcleo familiar e para a posterior reintegración, pero que non sempre é posible. Por iso, ponse en marcha este programa, co fin de que os nenos e nenas poidan vivir nun contorno familiar.

Este ano, o departamento autonómico ten modificado a normativa que regula os acollementos para axilizar a tramitación e o pagamento das retribucións ás familias que as reciban. Así, por exemplo, a Cruz Vermella queda eximida da tramitación das retribucións, polo que pode dedicarse en exclusiva ao asesoramento e información das familias.

Ademais, entre outras novidades, simplifícouse o sistema de aprobación dos acollementos, mantendo todas as garantías, e eliminouse burocracia no pagamento, para evitar retrasos nas contías que reciben as familias.

Datos do programa

Grazas a este programa con Cruz Vermella, en 2009 un total de 222 menores foron acollidos en 148 familias

alleas. Ademais, segundo datos do mesmo ano, hai un total de 276 familias galegas que forman parte do banco de acollementos.

Se temos en conta os acollementos en familia allea deste convenio e tamén os de familia extensa, en Galicia tramítáronse no pasado exercicio preto de 1.800 acollementos, dos que 1.571 foron en familia extensa, xunto cos 222 que se realizaron ao abeiro deste convenio en familias alleas.

En total, a Consellería de Tráballo e Benestar destinou un orzamento de máis de 3,8 millóns de euros ao programa de acollementos global, incluíndo a contía deste convenio e os pagamentos que se realizaron tanto ás familias alleas como extensas que acolleron aos menores.

O Goberno galego seguirá apostando por este programa, dentro do obxectivo básico de mellorar as condicións de vida da infancia. De feito, a infancia e a adolescencia un dos colectivos prioritarios de atención no Plan de Actuación Social 2010-2013.

A Xunta extenderá os servizos de mediación intraxudicial a dúas novas cidades galegas



Santiago, 27 de abril de 2010.- O conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Alfonso Rueda, e a titular de Tráballo e Benestar da Xunta, Beatriz Mato, asinaron un acordo de colaboración entre ambos departamentos para implantar en dúas novas cidades galegas programas experimentais de media-

ción intraxudicial, como o que xa funciona con éxito en Santiago de Compostela.

Ambos departamentos adicarán un total de 93.600 euros para poñer en marcha o proxecto en Vigo e Ourense, para o que xa se iniciaron os contactos co resto dos implicados na iniciativa, que son o Ministerio Fiscal, o Colexio de Psicoloxía de Galicia e os colexios de avogados de Vigo e de Ourense.

O Goberno galego aposta por ampliar este programa experimental despois de constatar a boa acollida e os bos resultados da iniciativa nos xulgados de Santiago de Compostela, onde se vén desenvolvendo dende marzo de 2009. De feito, a mediación é considerada moi beneficiosa polo 96 por cento das persoas que o ano pasado se achegaron a este sistema, tanto se chegaron a un acordo como se non o conseguiron.

A mediación é un sistema de solución de conflitos distinto ao proceso xudicial, que está especialmente indicado para casos de rupturas familiares e problemas domésticos e que pode contribuír a paliar o exceso de litixiosidade, que é unha das principais causas que provocan a pendencia e as dilacións nos órganos xudiciais.

No programa desenvolvido no último ano nos xulgados da capital galega, mediouse nun total de 35 procedementos, nos que a porcentaxe de acordos chegou á metade, unha porcentaxe moi superior á rexistrada en iniciativas similares postas en marcha por outras comunidades autónomas. Así, no primeiro ano de vida do programa Madrid, Barcelona ou Navarra o porcentaxe de acordos non superou o 20 por cento dos casos.

Benestar incrementa este ano as axudas ás entidades de discapacidade que percibirán en conxunto 2,5 millóns de euros



- A titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, asinou os convenios de colaboración coas sete asociacións máis representativas de Galicia que traballan no eido da discapacidade

Santiago, 23 de abril de 2010.- A Consellería de Traballo e Benestar apoiará este ano o labor que desenvolven as federacións e asociacións galegas de persoas con discapacidade con 2,5 millóns de euros, o que supón un tres por cento máis que o ano pasado.

Para que as diferentes asociacións poidan xa dispoñer das axudas, a titular do departamento autonómico, Beatriz Mato, asinou hoxe os convenios cos sete colectivos máis representativos de Galicia que traballan neste ámbito.

Así, a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) percibirá 412.000 euros; a Federación de Asociacións en favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (Fademga) contará cunha axuda de 236.900; a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (Faxpg) recibirá 875.500; a Federación de Asociacións de Familiares e Enfermos Mentais de Galicia (Feafes) poderá dispoñer de 412.000; Down Galicia de 250.000; Autismo Galicia de 82.400; e a Asociación de Pais, Profesionais e Amigos das Persoas con Discapacidade Intelectual (Special Olympics) de 226.600. Con estas cifras, cada entidade ve incrementada a contía a percibir con respecto ao ano pasado.

As axudas do Goberno galego servirán para manter o sostemento da estrutura federativa

destas entidades e, desta maneira, as subvencións servirán para financiar, entre outras iniciativas, labores de asesoramento e a execución de determinados programas e servizos comúns, como son iniciativas encamiñadas á formación e inserción laboral deste colectivo, así como accións de tempo libre e dirixidas á sensibilización da cidadanía.

Para o desenvolvemento dos seus programas específicos, a Consellería de Traballo e Benestar asinará ao longo do ano os convenios concretos con cada unha das asociacións.

A sinatura destes sete convenios supón, segundo explicou Mato, “a mostra palpable de que este Goberno cumpre a palabra dada, incrementar o investimento social pese á crise económica”.

De feito, a conselleira lembrou que a Xunta está a facer “unha aposta sen precedentes” pola construción dunha sociedade integradora.

Neste intre, lembrou que o próximo mes de xuño estará listo o Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade 2010-2013 e destacou que se trata dunha iniciativa elaborada da man das entidades e en conxunto co resto de departamentos autonómicos.

Por iso, Mato resaltou que será un plan caracterizado pola súa transversalidade e que terá en

conta as achegas de todos os implicados no ámbito da discapacidade, dous feitos que ata agora non se deron na elaboración dun plan destas características.

Plan de Actuación Social

O Plan Integral de Acción para as Persoas con Discapacidade estará integrado no Plan de Actuación Social 2010-2013, unha iniciativa que prevé, entre outras medidas, a inserción laboral de 4.900 persoas con discapacidade ou en risco de exclusión desde agora e ata 2013.

Mato, ademais, sinalou que estas accións non son as únicas que está a facer a consellería no ámbito da discapacidade. Lembrou, ao respecto, que o Consello da Xunta deu luz verde a unha orde que regulará as axudas para apoiar a inserción laboral das persoas con discapacidade e do programa emprego con apoio. “Son subvencións por valor de máis de 4 millóns de euros cos que queremos contribuír á inserción social a través do emprego”, subliñou.

Por último, a conselleira eloxiou o labor das entidades que traballan coas persoas con discapacidade e afirmou que “cada pequeno paso que se dá é un gran avance no eido da discapacidade”.

Mato destaca a transversalidade do plan para persoas con discapacidade para acadar unha sociedade “realmente” integradora



Beatriz Mato presidiu a constitución do primeiro grupo de traballo do Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013

Santiago, 21 de abril de 2010.- O primeiro grupo de traballo para debater o Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013 da Xunta de Galicia reuniuse para comezar a definir as accións concretas do proxecto na área de atención temperá, unha das dez que conforman os ámbitos de actuación do plan.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, presidiu a constitución desta primeira mesa que estivo formada por técnicos da Dirección Xeral de Dependencia, da Secretaría Xeral de Familia e

Benestar, da Consellería de Sanidade, por especialistas en atención temperá da Consellería de Educación, por membros do Cermi Galicia e polo presidente da Agat (Asociación Galega de Atención Temperá) e un técnico externo de unidades de atención temperá.

O grupo de traballo debaterá as achegas de cada un dos seus integrantes para despois elaborar un documento global e consensuado. O mesmo procedemento seguirase nos restantes nove grupos de traballo, un por cada liña de actuación do plan, que se irán constituíndo nas próximas semanas, e que traballarán na definición de medidas concretas que se plasmarán no documento definitivo que se prevé estea pechado a finais do mes de xuño.

Ademais do ámbito da atención temperá, as áreas de actuación do Plan Integral de Discapacidade son a protección dos dereitos; accesibilidade; promoción da autonomía persoal; educación; formación e emprego; igualdade de xénero; recursos no ámbito dos servizos sociais; saúde e atención sociosanitaria; e cultura, deporte e tempo de lecer.

A finalidade da primeira área do plan, a que se debateu neste grupo de traballo, é acadar a universalización da atención temperá, mellorando a súa

calidade e capacidade de atención. Para iso, o que pretende o Goberno galego é desenvolver unha normativa específica en materia de atención temperá, definir procesos que garanten unha atención efectiva a través da coordinación interadministrativa correspondente e desenvolver unha rede de recursos de atención temperá.

Mato destacou na súa intervención que se trata da primeira vez que un Goberno galego se propón a atención á discapacidade cunha perspectiva “tan ampla”, resaltando que o Plan Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia vai máis alá da mellora da condición persoal deste colectivo.

Ao respecto, explicou que as necesidades ligadas á discapacidade non pasan só por unha solución individual, senón que se precisan tamén cambios no contorno máis inmediato da persoa (no seu fogar, centro educativo, de traballo, comercios, instalacións deportivas...) nas estruturas sociais (comunicacións, transportes, políticas de emprego...) e nas normas e prácticas que rexen o comportamento e vida social das persoas.

De aí, que o Plan sexa integrador e transversal, xa que o seu obxectivo fundamental é o de acadar unha sociedade “realmente” integradora, tal e como apuntou a conselleira.

O Plan Galego de Persoas Maiores incluírá a posta en marcha dun programa específico de detección das persoas que viven soas

Sanxenxo, 16 de abril de 2010.- O Goberno galego presentará en maio un primeiro borrador do Plan Galego de Persoas Maiores, que incluírá un programa específico para detectar ás persoas maiores de 65 anos que viven soas. Así o anunciou en Sanxenxo a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, quen inaugurou o XXII Congreso Galego de Xerontoloxía.

Ao respecto da iniciativa, Mato explicou no transcurso do acto que son uns 350.000 os maiores galegos que viven sos ou en compañía doutras persoas tamén maiores, “polo que é necesaria a posta en marcha de programas e accións para paliar os efectos negativos da soidade e garantir a súa seguridade”, apostilou.

A titular do departamento autonómico incidiu, ademais, en que a partir de maio o borrador do Plan Galego de Persoas Maiores irase definindo a través do diálogo coas entidades que traballan co colectivo dos maiores. Este sector representa ao 21,88% da poboación total de Galicia, o que converte á comunidade autónoma na terceira de toda España con maior peso de poboación maior.

“Por iso, un Goberno responsable ten que traballar sempre contando coas necesidades deste amplo sector, ao que temos que darlle voz e voto”, destacou Mato, quen subliñou que “contar coas achegas dos profesionais e das entidades que traballan no eido social é unha valiosa ferramenta”.

O documento fai especial fincapé no reforzo dos programas e servizos de envellecemento activo, de prevención da dependencia e da promoción da autonomía persoal. Así, a Xunta de Galicia prevé mellorar coa súa iniciativa a atención das problemáticas de dependencia, derivadas tanto da discapacidade como da idade, e por en marcha programas específicos de promoción da autonomía persoal.

A conselleira, ademais, lembrou que o Plan de Maiores enmárcase nun programa máis amplo, o Plan de Actuación Social 2010-2013 da Xunta de Galicia, que contempla accións concretas para cada colectivo da sociedade e accións globais para mellorar a rede de servizos sociais de Galicia. O proxecto da Administración autonómica prevé, entre outras medidas, a creación ata 2013 de 10.000 postos de traballo anuais vinculados aos servizos sociais.

XUVENTUDE

O IES Laxeiro de Lalín gaña a primeira edición do Parlamento Xove logo de debater sobre o uso das redes sociais no hemiciclo galego



Santiago, 24 de abril de 2010.- O IES Laxeiro de Lalín resultou gañador da primeira edición do Parlamento Xove, logo de participar nunha rolda de debates sobre o uso das redes sociais que tiveron lugar no hemiciclo galego. Á final desta mañá chegaron un total de oito equipos dos institutos galegos que se presentaron a esta competición.

O director xeral de Xuventude e Voluntariado,

Ovidio Rodeiro, presidiu esta actividade e entregou o premio aos equipos vencedores. Así, o equipo vencedor recibiu unha viaxe sorpresa, valorada en 7.000 euros, e un notebook para os membros do equipo, mentres que o grupo semifinalista, o SEK Atlántico de Pontevedra, foi premiado cun notebook. Por outra banda, o equipo que elaborou o mellor dossier de investigación, o Instituto Rosalía de Castro, recibiu unha videconsola para cada un dos membros, mentres que o autor individual do mellor artigo (unha alumna do IES A Pinguela) recibiu un notebook e os seus cinco compañeiros, un disco duro portátil.

